

CON MOTIVO DA PRESENTACIÓN DA PROPOSTA GALEGA PARA A REDE NATURA

# ADEGA E A FEG CRITICAN A POLÍTICA CONSERVACIONISTA DA XUNTA

**A ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA (ADEGA) E A FEDERACIÓN ECOLOXISTA GALEGA (FEG) DENUNCIARON PUBLICAMENTE A FALTA DUNHA AUTÉNTICA POLÍTICA DE CONSERVACIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS. A PROPOSTA DE ESPAZOS GALEgos PARA A REDE NATURA 2000 É UN DOCUMENTO QUE NON GARANTE POR SI SÓ A PROTECCIÓN DOS ESPAZOS INCLUÍDOS NELA E QUE ESTÁ A SER UTILIZADA POLA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DE XEITO PROPAGANDÍSTICO E HIPÓCRITA, SOBREVALORANDO A SÚA TRASCENDENCIA PARA OCULTAR A ESCASEZA DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE ESPAZOS NATURAIS.**

Muitos dos espazos naturais incluídos na Proposta para a Rede Natura 2000, a futura rede europea de espazos protexidos creada pola Directiva Hábitats, seguen a estar ameazados por múltiples actuacións, a miúdo promovidas ou apoiadas desde o Goberno galego. É o caso, por exemplo, das serras do Xistral e da Dorsal galega e da praia das Catedrais, afectadas pola construción de parques eólicos, do sistema fluvial Ulla-Deza e dos sobreiros do Arnejo, ameazados pola construcción de encoros, ou da serra da Lastra, onde está previsto abrir unha nova canteira.

A inclusión dos espazos da Proposta no Rexistro de Espazos en Régime de Protección Xeral non servirá de nada se a Consellería do Ambiente non aproveita a marxe de manobra que lle confire. Por iso, ADEGA e a FEG esixen desta Consellería unha actitude forte e decidida en defensa destes espazos naturais.

Cómpre desenvolver unha política de conservación dos espazos naturais e da fauna e a flora que mereza tal nome e faga que Galiza deixe de estar á cola da UE nesta materia. Pouco máis do 1% do noso territorio foi declarado até hoxe de protección especial e aínda non se elaborou ningún plano propio de protección de especies de fauna e flora ameazadas de extinción. Ademais dos espazos de interese a nivel europeo, é preciso protexer tamén a aqueles de interese a nivel ibérico, galego ou local.

A UE deu o primeiro paso para crear unha rede europea de espazos protexidos en 1979

coa aprobación da Directiva Aves, que creou a figura das Zonas de Especial Protección das Aves (ZEPAs). Mais de vinte anos despois, a rede de ZEPAs en Galiza segue sendo deficiente, debido á falta total de interese da Xunta por ampliarla. En Galiza tan só hai 4 ZEPAs. As ZEPAs formarán parte automaticamente da Rede Natura 2000.

ADEGA e a FEG consideran que se

debería ampliar a superficie incluída na Proposta de Espazos para a Rede Natura 2000 e que a Consellería do Ambiente, no canto de se limitar a organizar actos mediáticos, debería desenvolver unha campaña intensa de información sobre as implicacións reais da Directiva Hábitats entre a poboación residente nos espazos incluídos na Proposta para a Rede Natura 2000.

Diversas mobilizacións puxeron de manifesto nos últimos anos a carénzia dunha auténtica política de conservación: A construcción de minicentrais nas cabeceiras dos ríos, a ducia de presas para o alto Ulla, os parques eólicos en zonas de interese ambiental como o Xistral, Praia das Catedrais, Dexo e en xeral toda a liña de costa, os Montes do Testeiro, o Candán e outras serras do interior, etc (son muitos os casos onde aeroxeradores e mini-hídricas coinciden no mapa cos lugares propostos para a Rede Natura), ou a construcción dun encoro no Úmio, o único dos grandes ríos sen represar, e a derradeira oportunidade para conservar un río íntegro, son boa mostra de que o interese pola conservación da natureza, pola protección da biodiversidade, e polo mantenimento dos recursos naturais e das paisaxes proprias de Galiza ainda non asentaron na Consellería de Carlos del Álamo.



Manuel Soto